

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 27 DE MAIO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás trece horas do día vinte e sete de maio de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese, en sesión telemática a través da plataforma Councilbox, con carácter extraordinario e en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten telematicamente os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Maria Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Faise constar que a presente sesión foi celebrada por medios telemáticos, a través da plataforma Councilbox, sistema autorizado por Resolución da Alcaldía núm. 643/2020, do 19 de maio, para a celebración de sesións extraordinarias, tanto das Comisións Informativas Permanentes como do Pleno municipal, durante a duración do estado de alarma decretado por Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, así como durante a vixencia das súas prórrogas, isto de acordo co establecido no apartado 3 do artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, do seguinte teor literal:

“3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo alcalde ou presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o seu carácter público ou secreto segundo proceda legalmente en cada caso.

Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten.”

Por este motivo non foi posible enlazar a gravación en vídeo de todo o ocorrido na sesión ao documento electrónico da acta da sesión, de xeito que puidera ser asinada conxuntamente pola secretaria da Corporación e polo señor alcalde, adoptando o sistema de videoacta, tal e como se establece no artigo 130 do Regulamento orgánico municipal.

Tendo en conta canto antecede, redáctase a presente acta, comprensiva do lugar, data e hora de celebración da sesión, carácter extraordinario desta, asistentes, contido dos acordos acadados, sentido dos votos emitidos, e, así mesmo, recóllese a literalidade das intervencións de cada un dos oradores, para a súa constancia e para coñecemento xeral.

Aberto o acto pola presidencia, e antes de dar comezo aos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria, o señor alcalde informa de que no día de hoxe, ás 10:46 horas, recibíuse un correo da Fegamp no que se instaba a facer, ás 12 da mañá, un minuto de silencio en memoria dos falecidos por mor da pandemia do Covid-19.

Dado que foi imposible organizalo con tan pouco tempo, propón manter agora, antes de comezar o pleno, ese minuto de silencio.

Todos os concelleiros amosan a súa conformidade, polo que a Corporación municipal de Cambre garda un respectuoso minuto de silencio en memoria dos falecidos.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Ratificación, se procede, da Resolución da Alcaldía núm. 577/2020, do 30 de abril, de medidas de flexibilización fiscal aos contribuíntes do Concello de Cambre co obxecto de paliar as consecuencias económicas provocadas pola pandemia do COVID-19

Vista a proposta da Alcaldía, de data 19 de maio de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“Con data 30 de abril de 2020, por esta Alcaldía ditouse a Resolución núm. 577, que consta do seguinte teor literal:

«Visto que con data de 14 de marzo de 2020 publicouse no BOE o Real Decreto 463/2020, polo que se declara o estado de alarma en todo o territorio nacional por un prazo de quince días naturais para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e no que se establece, na súa D.A. 3ª.3, que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifieste a súa conformidade, ou cando o interesado manifieste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

Considerando que o 18 de marzo de 2020 o BOE publicaba o Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico do COVID-19 e que entrou en vigor ese mesmo día, e que ten por obxecto que as medidas de contención aprobadas, e que conlevan medidas negativas na economía española, supoñan que estos efectos negativos sexan transitorios e evitar, en última instancia, que se produza un impacto máis permanente ou estrutural. De acordo coa súa exposición de motivos: “*es preciso adoptar medidas que proporcionen la necesaria flexibilidad para el ajuste temporal de las empresas con el fin de favorecer el mantenimiento del empleo y reforzar la protección de los trabajadores directamente afectados. En las próximas semanas muchas empresas se van a enfrentar a importantes tensiones de liquidez derivadas de una caída de sus ventas, procedentes tanto de una menor demanda como de la interrupción de la producción, por ejemplo, por falta de suministros o por rescisión de determinados contratos. Se hace por tanto indispensable adoptar determinadas medidas para reforzar la liquidez del tejido productivo y evitar la salida del mercado de empresas solventes afectadas negativamente por esta situación transitoria y excepcional.*”.

Visto que na base 35ª de execución do Orzamento municipal para 2020 establécese que poderá aprazarse ou fraccionarse o pagamento da débeda, logo do pedimento dos obrigados, cando a situación da súa tesourería, discrecionalmente apreciada pola Administración, lles impida efectuar o pagamento das súas débedas e só nos casos e na forma que se determina na presente Base e nos artigos 65 e 82 da Lei 58/2003, do 17 decembro, xeral tributaria (LXT) e 44 e seguintes do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación (RXR) e que non se concederá aprazamento ou fraccionamento de pagamento das débedas inferiores a 200 euros e que no caso de concesión de aprazamento calcularanse xuros de mora sobre a débeda aprazada, polo tempo comprendido entre o vencemento do período voluntario e o vencemento do prazo concedido.

Visto así mesmo que na base trixésimo sexta das mencionadas BEO establécese que non se practicarán liquidacións por xuros de mora cando a cantidade resultante por este concepto sexa inferior a seis euros, ao se considerar como contía mínima necesaria para cubrir o custo de súa exacción e recadación.

Considerando que, segundo a normativa mencionada, as contías mínimas para a solicitude de aprazamentos ou fraccionamentos non permite na actualidade aprazar ou fraccionar débedas inferiores a 200 euros, o que deixaría a maior parte dos contribuíntes por liquidacións municipais xestionadas polo concello, sen dereito a solicitar ditas facilidades de pago.

Visto o informe da Intervención municipal.

Tendo en conta estas consideracións, o Concello de Cambre, no ámbito das súas competencias en materia fiscal e tributaria, ten a vontade de adoptar as medidas que axuden a paliar as consecuencias económicas da pandemia do COVID-19, para responder ao impacto económico negativo que se está a producir, sendo prioridade principal minimizar o impacto fiscal, facilitando así que a normalidade se recupere tan pronto como a situación sanitaria mellore. Polo tanto, levaranse a cabo determinadas actuacións con carácter urxente e excepcional, en tanto sexa preciso durante o estado de alarma, dando conta ao primeiro Pleno da Corporación para a súa ratificación.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: O padrón relativo a taxa de auga, rede de sumidoiros, depuración e canon da auga correspondente ao primeiro trimestre de 2020 terá un período voluntario de cobro comprendido entre o 4 de maio e o 4 de xullo. Os contribuíntes que, por causas xustificadas relacionadas co estado excepcional de alarma no que nos encontramos, non teñan liquidez suficiente para facer fronte aos recibos, poderán solicitar o aprazamento do seu pago por un período de tres ou seis meses, segundo as súas necesidades económicas e sempre e cando o soliciten a través do rexistro municipal ou sede electrónica coa presentación do impreso habilitado ao efecto na web municipal.

SEGUNDO: Aos padróns de auga, rede de sumidoiros, depuración e canon da auga dos períodos trimestrais 2º de 2020 e seguintes, se lles aplicará a mesma medida do punto anterior en canto ao aprazamento do pago dos recibos, sempre que continúe a situación excepcional provocada polo estado de alarma.

TERCEIRO: As solicitudes de calquera procedemento municipal que leve aparelado o ingreso, mediante autoliquidación, de taxas ou impostos para a súa tramitación, poderán tramitarse pospoñendo o pago dos respectivos tributos ata o momento no que finalice o estado excepcional de alarma e sexa posible a obtención dos instrumentos de pago correspondente nas dependencias do concello.

CUARTA: Todas as medidas de flexibilización contidas nos apartados anteriores serán ratificadas polo Pleno municipal na primeira sesión que se celebre.»

Tendo en conta o disposto na citada resolución, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 577/2020, do 30 de abril, de medidas de flexibilización fiscal aos contribuíntes do Concello de Cambre co obxecto de paliar as consecuencias económicas provocadas pola pandemia do COVID-19.

Segundo: Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 22 de maio de 2020.

Concedida a palabra a dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, explica que a proposta que traen para ratificación do pleno é a aprobación da Resolución da Alcaldía do 30 de abril de 2020 na que se aprobou un período voluntario de pago entre o 4 de maio e o 4 de xullo, para o padrón relativo á taxa de auga, rede de sumidoiros, depuración e canon da auga correspondente ao primeiro trimestre de 2020.

Ademais de atrasar o período voluntario de pago, esta resolución recolle a posibilidade de aprazar en 3 ou 6 meses o pago do recibo do canon da auga para todos aqueles veciños e veciñas que, como consecuencia do Covid-19, teñan dificultades para pagar o recibo. Un aprazamento que se poderá seguir aplicando en sucesivos recibos, sempre e cando continúe esta situación de alarma.

Conclúe dicindo que nesta resolución tamén se aprobou a suspensión dos pagos de autoliquidacións, taxas e impostos de calquera procedemento municipal ata finalizar o estado excepcional de alarma.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta que Patiño confina a democracia; Patiño confina o dereito fundamental á participación política; Patiño confina o pluralismo político; Patiño confina a conciliación; Patiño confina.

Di que hoxe se lles convocou a este pleno extraordinario, contrariando o horario acordado de celebración dos plenos ás 8 da tarde, conculcando claramente calquera tipo de conciliación coas súas actividades profesionais, incluso en época de pandemia, tras ter sido desconvocados polo señor alcalde á celebración ordinaria de xuntas de voceiros, comisións informativas e plenos.

A verdade é que non saben moi ben cal é a razón pola que, existindo a disposición do concello dende hai un mes esta plataforma informática, que posibilita a celebración ordinaria de órganos colexiados, esta non se está levando a cabo como se está a facer noutros municipios da nosa contorna, sobre todo cando se están celebrando sesións ordinarias da xunta de goberno, só con membros do Goberno municipal, como é claro, e sen que vaian as razóns esgrimidas polo señor alcalde na xunta de voceiros extraordinaria do pasado 30 de abril, para non celebralas sesións, isto é, que os prazos administrativos están suspendidos e, polo tanto, non hai asuntos para traer ao pleno.

Di que a primeira contradición a comete o propio alcalde cando convoca este pleno extraordinario con sete asuntos incluídos na orde do día, o dobre da media que adoita traer o Goberno municipal aos plenos ordinarios na lexislatura e pico que levan no dito goberno. Polo tanto, asuntos para convocar órganos colexiados habelos, hainos, outra cousa é que non se queiran convocar para que a oposición non poida realizar a súa función primordial, que é controlar e fiscalizar a acción do Goberno municipal.

Desta forma son xa tres os plenos ordinarios que se deixaron de celebrar en Cambre, ou o que é o mesmo, tres meses sen que o Goberno municipal renda contas da súa xestión, facendo e desf facendo o que lle vén en gana. E o que é peor, nin sequer informando aos voceiros municipais de cal é a situación de Cambre nesta crise sanitaria.

Pese a iso, os grupos da oposición non só se puxeron á súa disposición desde o primeiro momento, senón que presentaron as súas propostas, preguntando polos asuntos que consideraban de interese e transmitindo ánimo aos empregados públicos municipais. No caso do Partido Popular a través de oito escritos transmitidos por distintos medios desde o 2 de abril, que no mellor dos casos foron contestados tarde, mal e arrastro, por non falar dos non contestados, cun evidente desprezo polo funcionamento democrático.

Todas estas condutas considéranas como unha evidente infracción do dereito fundamental á participación política recollido no artigo 23 da Constitución, dereito fundamental que está sendo reiteradamente vulnerado. E como mostra un botón, mañá, último xoves de mes, tería que terse celebrado o pleno ordinario do mes de maio, e o xoves pasado as comisións informativas do dito pleno, e o xoves anterior a xunta de voceiros, sesións ordinarias onde os grupos da oposición poderían ter preguntado ao alcalde e concelleiros de goberno sobre a situación de Cambre, ademais de achegar o que consideraran conveniente.

Fronte a iso, atopáronse coa convocatoria dun pleno extraordinario grazas á Deputación da Coruña. Se non é porque o día 29 os asuntos incluídos hoxe no pleno teñen que estar na Deputación Provincial, hoxe tampouco se celebraría este pleno extraordinario, sesión extraordinaria na que non só non van poder preguntar aos membros do Goberno pola súa xestión nesta crise, nin pola situación do concello a día de hoxe, senón que tampouco van poder facer as súas propostas, suxerir actuacións ou reclamar explicacións.

En calquera caso, tráese como primeiro asunto na orde do día a ratificación da Resolución da Alcaldía núm. 577, do 30 de abril de 2020, para adoptar medidas de flexibilización fiscal aos contribuíntes do Concello de Cambre, coa que entenden que o alcalde trata de paliar ou mitigar as consecuencias económicas provocadas pola pandemia do Covid-19 en Cambre.

Trátase dunha solución que se achega a algunha das doce medidas de carácter económico e social que o PP considerou necesario adoptar con carácter urxente en Cambre no seu escrito do 23 de abril, polo que, aínda que sexa minimamente, toda medida que pretenda mitigar as consecuencias da pandemia en Cambre debe contar favorablemente, inicialmente, coa súa ratificación.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que, primeiramente, súmanse e queren remarcar o sentido do minuto de silencio gardado polo conxunto da Corporación, realizando un recoñecemento ás vítimas da pandemia no concello, que ademais estende a todos aqueles que superaron ou están superando esta enfermidade.

Igualmente, e coa mesma intensidade, achegan o seu ánimo e apoio máis sincero á xente de Cambre, aos servidores públicos que dende diferentes ámbitos contribuíron co seu esforzo e co seu traballo á superación desta crise. Son sentimentos, son valores, principios e condicións que unen, a pesar das evidentes diferenzas, como veciños, como pobo, como Cambre.

Son eses mesmos sentimentos, valores e principios os que os levan, como representantes dunha parte minoritaria dos veciños de Cambre, a lamentar profundamente os impedimentos que por parte da Alcaldía se puxeron durante estes dous meses para que, como concelleiros elixidos democraticamente, puideran desenvolver de forma digna, seria e con solvencia o mandato cidadán expresado nas urnas polos veciños.

A negativa, a falta de concreción, a evasiva, a dilación, a escusa á hora de convocar os máis básicos organismos municipais a través dos cales se poden transmitir as garantías, achegar ideas, achegar información, aclarar problemas, máis fiscalizar minimamente a acción do Goberno, alcanza, ao seu modo de ver, o grao máximo na presente sesión plenaria, posto que por parte da Presidencia se nega a inclusión na orde do día do presente pleno dun punto de rogos e preguntas, unha cuestión ben sinxela.

Di que o seu grupo presentou unha serie de rogos e preguntas que non eran en absoluto agresivos, nin poñían en solfa a xestión do equipo de goberno durante estes meses en modo algún, pero aínda así se impide, á súa maneira de ver de forma consciente e deliberada, acudindo a subterfuxios legais un tanto torticeiros, que os grupos da oposición poidan hoxe executar minimamente o seu traballo, postergando *sine die* a presentación de rogos e preguntas a unha sesión pública da Corporación, sen poder chegar ao conxunto da cidadanía.

Ao seu modo de ver isto resulta especialmente triste, lamentable, nunhas circunstancias tan especiais como as presentes, onde o vantaxismo ou unha sorte de autoritarismo e o caciquismo parece que están a suplir o máis elemental xogo limpo institucional e democrático.

En todo caso, hoxe o que se trae é unha serie de medidas concretas, e o BNG vai, co seu voto de abstención, a facilitar a súa aprobación, pero botan en falta que se puidera ter dado durante estes meses, durante estas semanas, outra normalidade, como si se fixo noutros concellos.

Conclúe dicindo que nese sentido queren expresar o seu pesar e a súa contrariedade e o BNG súmase tamén a esa iniciativa contra o confinamento das liberdades e da iniciativa política.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que, en primeiro lugar, quere sumarse a ese minuto de silencio, aplaudilo, mandar condolencias e forzas a todo o mundo afectado por esta crise. Despois quere seguir co discurso que fixeron os seus compañeiros, tanto do BNG como do PP, aplaudir e sumarse ás súas palabras, se o deixan, sobre todo co tema da celebración de plenos e a liberdade de opinión da oposición.

Respecto do asunto da orde do día, o seu grupo vai votar a prol, porque consideran que calquera axuda é pouca e, neste tema, benvinda toda axuda que veña de parte do concello.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, expón que queren sumarse e apoiar o duelo oficial que comeza hoxe, que non por ser oficial é menos sentido, ademais vai ser, ou é ata o de agora, o máis longo da historia da nosa democracia, como tan longa é a dor por todas aquelas persoas falecidas como consecuencia do Covid, así como a dos seus familiares e amigos que non puideron despedilas. Palabras que, como dicía o voceiro do BNG, tamén fai extensivas a todas aquelas persoas que padeceron ou padecen a día de hoxe tan terrible enfermidade e o que ela leva consigo.

Dito isto, tamén quere manifestar a súa máis enérxica repulsa, e xa que sempre lles din que presenten as cousas por escrito, preséntalle ao señor alcalde por escrito a súa máis enérxica repulsa polo confinamento da súa palabra, polo autoritarismo, pola cerrazón, pola opacidade e altanería dun goberno presuntamente progresista, agochado baixo o mando dun alcalde cun perfil tan baixo que prefire bordear a legalidade, por onde poida buscar calquera fisura normativa, antes de convocar plenos, comisións ou calquera órgano no que teña que escoitar opinións e criterios diferentes dos seus, simplemente porque non é capaz de argumentar.

Di que ata o de agora o alcalde agochábase ou marchaba dos plenos complicados, en demostrados e numerosos actos de covardía. Agora, coa excusa dun virus esta covardía fai que suspenda o labor da oposición, meténdose no despacho e tragando a chave durante meses.

Respecto do punto que lles ocupa, este primeiro punto, indicar que o seu grupo evidentemente votará a prol, pero que estas medidas de flexibilización fiscal están contempladas, están sendo aplicadas dende xa hai tempo para todos os concellos. Son medidas recollidas na lexislación estatal. Non ven aquí ningunha medida propia que emane do equipo de goberno.

Ela preguntase onde están as medidas adoptadas pola concelleira de asociacións veciñais, esa á que aínda non lle escoitaron a voz a día de hoxe, aínda que está presente. Pregunta onde están as medidas da concelleira de Cultura para o sector máis castigado e que máis tarde se vai reincorporar á nova normalidade, pregunta que fixo a concelleira de Cultura dende que fixera a foto botando a carta dos Reis Magos.

Pregunta onde están as medidas extraordinarias da concelleira de Servizos Sociais, que se manifestaba desbordada mentres facía o máis absoluto ridículo enfundada nun EPI ante a televisión, dicindo que doan alimentos as persoas de goberno, e non se dignou nin a aceptar a axuda que moitos lle ofreceron.

Pregunta onde están as medidas de seguridade e desinfección extraordinarias nas parroquias, agochadas entre as silvas e as xestas nun concello asolado pola maleza.

Pregunta que fixo o concelleiro de Educación coa extrema situación na que se atoparon moitos nenos e nenas apartados do seu lugar de integración, e incluso alimentación no propio colexio.

Pregunta que andaba facendo a concelleira de Medio Ambiente e Mobilidade mentres a xente berraba porque non había máscaras en moitos buses de liña en Cambre.

Pregunta que medidas tomou o concelleiro de Desenvolvemento Socioeconómico ante a catástrofe que supuxo a perda de actividade de laborais e autónomos e pymes do concello.

Pregunta cales foron as medidas extraordinarias adoptadas para dar alivio á xente nova e deportistas.

Pregunta que se fixo dende a Concellería de Patrimonio e Turismo ante a inminente desescalada na que nos atopamos para recuperar este ámbito.

Pregunta a que se dedicou o concelleiro de Urbanismo, máis aló de roubarlle metros cadrados verdes a Oleiros, para xustificar un Plan xeral que serve para sobresaturar O Temple a costa de satisfacer a ansia construtora da familia do alcalde e prometer soares onde non hai nin rede de sumidoiros nin servizos.

E sobre todo pregunta que fixo o alcalde, á parte de reunións de “tapadillo” e fotocopias na Alcaldía, e por el mesmo recoñecido, ata iso fixo mal.

Di que ela ten o dereito a preguntar, e eles teñen a obriga de render contas. Quen non responda a estas preguntas polo seu traballo, recoñece que non o fixo.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, expón que neste primeiro pleno telemático quere manifestar o seu pésame e solidariedade con todas as vítimas, coas persoas enfermas e con toda a xente desfavorecida, tanto no municipio de Cambre como en tantos outros municipios.

Respecto do xa manifestado polo resto de compañeiros de Corporación, pode entender que ten sido unha situación complexa e difícil para todos, e nova. Todos os decretos que foron saíndo ás veces poden ser difíciles de entender, os procedementos, como canalizar toda a información legal, como aplicala, hai que consultar a interventores e secretarios, hai moitas interpretacións que poden resultar contraditorias, pero iso non é o único que ten pasado en Cambre, en Cambre tamén hai moito deixamento por parte do Sr. García Patiño.

Un deixamento non só pola adaptación a esas medidas legais, senón por non dar conta, e a iso si que o obriga a lei, a dar conta nas xuntas de voceiros do que a lei lle outorga. Efectivamente a lei di que é o señor alcalde o que ten a capacidade de convocatoria e de dirixir esta crise, pero está obrigado a informar e dar conta en xunta de voceiros de todas as decisións que se tomen dende o Concello de Cambre. E iso non o fixo.

Poden chamalo ditadura, autoritarismo, poden chamalo natureza humana, crueldade, pero si é certo que a última palabra, a última decisión sempre a ten o alcalde, e o alcalde ten que ter conciencia do que lle rodea, e neste caso parece non tela. Está máis empeñado en manter a guerra que mantén coa oposición que en ocuparse de Cambre. E a el, gústelle ou non lle gusten cousas que lle poida dicir a oposición, ten que aceptalo e dar conta, e ten que convocar. O que non pode facer é esconderse baixo a lei e dicir que a lei non lle obriga.

Pregúntalle que como di que non lle obriga a lei. Non soamente é o deber legal, non soamente é o feito da lei, a lei tamén ten un espírito, e o señor alcalde tiña que ter dado conta a toda a Corporación e a todos os veciños de Cambre do que se estaba facendo, cousa que non fixo.

Respecto do punto da orde do día no que están intervindo, dende Ciudadanos van votar a prol. Son medidas que eles pediron na carta que lle dirixiron por e-mail, dado que naqueles momentos resultoulle imposible rexistrala a través de rexistro automático, o 18 de marzo, polo tanto, para todo o que sexa bo para facilitar a mellora da economía local e para axudar aos veciños, Ciudadanos non vai estar na guerra que usa o señor alcalde e, polo tanto, o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex manifesta que o seu grupo tamén se suma ao minuto de silencio, como non podía ser doutra forma, en solidariedade, respecto e lembranza das máis de 26.000 vítimas mortais ocasionadas polo Covid-19 en toda España. O que non saben, e tamén o teñen preguntado varias veces, é por que en Cambre non se adheriron, por que non fixeron tamén este minuto de silencio ou calquera acto como que as bandeiras ondearan a media hasta no balcón municipal cando se declarou o loito oficial na comunidade autónoma. O PP pediu varias veces, cre que máis de tres veces, que o Concello de Cambre se adherira a ese loito oficial na comunidade autónoma.

Tamén quere incidir na situación. O Sr. García Patiño así o recoñeceu na xunta de voceiros extraordinaria do 30 de abril, que se romperon todos os canais de comunicación coa oposición. A partir do 2 de abril non souberon absolutamente nada, e logo contestóuselles daquela maneira aos escritos que foron presentando cada un dos membros da oposición, con vaguedades, con xeneralidades.

Cuestións como que o señor alcalde dixo que non había temas para convocar un pleno ordinario, están a velo hoxe aquí. Pregunta por que este pleno extraordinario non foi convocado de maneira ordinaria, de xeito que os membros da oposición puideran ter incidido naquilo que consideraran de importancia. Por exemplo pregunta que pasou co servizo de axuda a domicilio en Cambre, que pasou con todas as máscaras, cos guantes que se están a entregar por outras administracións públicas, en concreto pola Xunta, que non se lles contesta. Contéstaselles en xenérico sobre cal foi o destino do material entregado pola Xunta de Galicia.

Tampouco saben nada do resultado das reunións que o señor alcalde dixo ter mantido con asociacións de empresarios como a do Temple e Cambre. Nin saben o crédito do que vai dispoñer o concello para investir en servizos sociais e en emprego, que tampouco llelo dixo e se comprometeu nunha xunta de voceiros.

Non saben cando van volver as sesións ordinarias dos órganos colexiados a Cambre, nin cal é a situación actual do banco de alimentos, nin saben do estado das obras que se estiveron levando a cabo na Barcala, na praza Europa, no Temple, ou da paralización das obras da Rocha, ou das xestións que se fixeron respecto da Xira.

Tampouco se ten dado conta á oposición do pau que a Xunta de Galicia outorgou ao borrador do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre, onde a sobreedificación, o cómputo de áreas verdes doutros concellos limítrofes, ou a falta de respecto ao solo rústico de especial protección evidencian a chapuza urbanística que se está a levar a cabo e o desinterese amosado polo Goberno municipal en que se aprobe un plan xeral en Cambre.

Tampouco se lles dixo nada sobre as xestións levadas a cabo polo señor alcalde na Patiña nos últimos tempos, nin dos expedientes de urbanismo, que pese á paralización dos prazos administrativos os seguiron tramitando. Nada da bochornosa aparición televisiva da concelleira de Servizos Sociais descubriendo publicamente o anonimato de usuarios de Servizos Sociais. Nada da contratación dun psicólogo, duplicando outros servizos de atención telefónica xa prestados por outras administracións, servizo que se considerou imprescindible para a súa instauración pero que en menos dun mes, cando en teoría máis se necesitaba, foi suprimido.

Tampouco saben nada das sesións de seguimento do Covid-19, das que non se lles deu traslado nin dunha soa acta, non saben delas, cousa tan importante. E, finalmente, non saben cales foron as razóns polas que non se adheriron ao loito oficial da Comunidade Autónoma.

Toma a palabra o señor alcalde quen manifesta que, do que el sabe, ao Sr. Abalo se lle contestou a todo o que preguntou. O que preguntan en canto ao tema do Plan xeral, como a maioría das preguntas que fan, dende logo a todo o que preguntan por Rexistro, se lles contesta por Rexistro. Evidentemente ao señor voceiro non lle gustan as respostas que eles lle dan, nin lle gustan os tempos nos que responden, pero os tempos os marcan eles.

Respecto do tema do Plan xeral pídelle ao Sr. Abalo que teña paciencia, porque os titulares da prensa non din, moitas veces, a verdade, e polo tanto pídelles que teñan paciencia. Primeiro van falar coa empresa redactora do Plan xeral, coa empresa que está encargada da redacción. Logo falarán da Xunta e logo verán que sae de todo iso. Pídelles que teñan un pouco de tranquilidade, aínda que xa sabe que non a teñen, que queren as respostas continuamente.

Conclúe dicindo que el non ten ningunha guerra, o Goberno municipal non ten ningunha guerra coa oposición, absolutamente ningunha.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández).

O Pleno municipal, por dezanove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2. Aprobación, se procede, da modificación da ordenanza fiscal nº 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa e a ordenanza fiscal nº 23 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante, con obxecto da suspensión temporal da súa aplicación durante o ano 2020

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, de data 19 de maio de 2020, que consta do seguinte teor literal:

«Tendo en conta a declaración do estado de alarma en todo o territorio nacional publicado inicialmente no BOE con data de 14 de marzo de 2020, mediante Real Decreto 463/2020, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e no que se establece, na súa D.A. 3ª.3, que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses dos interesados.

Considerando que o 18 de marzo de 2020 o BOE publicaba o Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico do COVID-19 e que entrou en vigor ese mesmo día, e que ten por obxecto que as medidas de contención aprobadas, e que levan consigo medidas negativas na economía española, supoñan que estes efectos negativos sexan transitorios e evitar, en última instancia, que se produza un impacto máis permanente ou estrutural.

Así, na súa exposición de motivos establece: *“es preciso adoptar medidas que proporcionen la necesaria flexibilidad para el ajuste temporal de las empresas con el fin de favorecer el mantenimiento del empleo y reforzar la protección de los trabajadores directamente afectados. En las próximas semanas muchas empresas se van a enfrentar a importantes tensiones de liquidez derivadas de una caída de sus ventas, procedentes tanto de una menor demanda como de la interrupción de la producción, por ejemplo, por falta de suministros o por rescisión de determinados contratos. Se hace por tanto indispensable adoptar determinadas medidas para reforzar la liquidez del tejido productivo y evitar la salida del mercado de empresas solventes afectadas negativamente por esta situación transitoria y excepcional”.*

Vistas estas consideracións, o Concello de Cambre, no ámbito das súas competencias en materia fiscal e tributaria, ten a vontade de seguir adoptando medidas que axuden a paliar as consecuencias económicas da pandemia do COVID-19, para responder ao impacto económico negativo que se está a producir, sendo prioridade principal minimizar o impacto fiscal, facilitando así que a normalidade se recupere tan pronto como a situación sanitaria mellore.

Tendo en conta que as ordenanzas fiscais nº 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa e a ordenanza fiscal nº 23 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante, definen o feito imponible como a ocupación ou utilización privativa do dominio público e considerando que dito aproveitamento foi modificado dunha maneira significativa polas circunstancias existentes do estado de alarma, a corporación considera necesaria a suspensión durante o exercicio 2020 das mencionadas ordenanzas fiscais.

O Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala nos seus artigos 15 a 19 o procedemento para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais.

O artigo 16.1 do devandito texto legal determina que os acordos de modificación das ordenanzas reflectirán a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.

Por todo isto, propónse ao Pleno que adopten os seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente para o exercicio 2020 a modificación da disposición final da ordenanza fiscal nº 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa:

Ordenanza fiscal nº 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa

(...)

Disposición final: A presente Ordenanza Fiscal quedará suspendida temporalmente desde o día seguinte á publicación da presente modificación no Boletín Oficial da Provincia ata o 31 de decembro de 2020, entrando en vigor automaticamente o primeiro día de 2021, sendo de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.

Segundo.- Aprobar provisionalmente para o exercicio 2020 a modificación da disposición final da ordenanza fiscal Nº 23 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante:

Ordenanza fiscal nº 23 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante

(...)

Disposición final: A presente Ordenanza Fiscal quedará suspendida temporalmente desde o día seguinte á publicación da presente modificación no Boletín Oficial da Provincia ata o 31 de decembro de 2020, entrando en vigor automaticamente o primeiro día de 2021, sendo de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.

Terceiro.- Declarar non dispoñibles os créditos correspondentes á aplicación orzamentaria "2020/920.16000 *Seguridad Social Administración general*" por importe de 42.000,00 euros, para dar cumprimento á Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Cuarto.- A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no boletín oficial da provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Quinto.- Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo das ordenanzas fiscais modificadas durante o prazo de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Sexto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto das ordenanzas modificadas.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 22 de maio de 2020.

Concedida a palabra a dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, explica que o que traen é a aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 16, reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, así como a modificación da ordenanza fiscal núm. 23 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante.

En ambas ordenanzas se establece unha disposición final onde se acorda suspendelas temporalmente, dende o día seguinte ao da publicación da modificación no Boletín Oficial da Provincia ata o 31 de decembro de 2020, entrando en vigor novamente, de forma automática, o 1 de xaneiro de 2021.

Conclúe dicindo que ao suspender estas dúas ordenanzas ao longo do ano 2020, na proposta que traen a aprobación recóllese declarar non dispoñibles os créditos correspondentes á aplicación orzamentaria 2020/920.16000 de "Seguridade Social Administración xeral" por importe de 42.000 euros, para garantir así a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, do PP, expón que, tal e como explicou a concelleira, propónse a modificación en canto á suspensión temporal da aplicación para este ano, para este exercicio 2020, da ordenanza fiscal núm. 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público, entre outros pola ocupación con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, así como a modificación da ordenanza fiscal núm. 23 de taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante, o que vén a recoller o que foron propostas formuladas polo PP nos seus escritos de 23 de abril e 18 de maio.

Así mesmo, viron como o informe do interventor considera que ao non tratarse dunha alteración das tarifas non é necesario o informe técnico económico ao que fai referencia o artigo 25 do Texto refundido da Lei de facendas locais. Tamén observan que o interventor opta, dende un punto de vista práctico, pola suspensión temporal das ordenanzas ata o 31 de decembro do 2020 e non pola súa derogación. Tamén di no seu informe que se cumpre coa Lei de estabilidade orzamentaria ao prever a substitución dos 42.000 euros de ingresos previsibles que van deixar de percibirse con esta modificación, coa partida da Seguridade Social da Administración Xeral ao dispoñer de marxe polo atraso nos procedementos para cubrir xubilacións e outro persoal de apoio.

Conclúe dicindo que por todos estes motivos, o voto do seu grupo vai ser favorable á modificación proposta.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, manifesta que lles parece unha moi boa opción para os hostaleiros que teñen terrazas, así como para as feiras de Cambre, porque segundo o informe as posibles repercusións e efectos para os principios de estabilidade orzamentaria resultan equilibrados.

Aínda así, teñen unha pregunta que lanzan ao aire, a pregunta é que pasa cos hostaleiros que non teñen terraza, así como co resto de negocios afectados, porque parece que só vai para parte da hostalería e para a feira, cando moitos dos postos da feira non son de Cambre. Por todo isto o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, manifesta que o seu voto tamén vai ser abstención.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, manifesta que o seu voto vai ser a favor.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por dezaseis votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

3. Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS Adicional 2/2020” da Deputación Provincial da Coruña

Vista a proposta da Alcaldía, de data 18 de maio de 2020, que consta do seguinte teor literal:

«O goberno municipal de Cambre propón ao Pleno da Corporación a aprobación dun paquete de actuacións financiadas con cargo ao Plan de Obras e Servizos (POS+) do ano 2020, concretamente no POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, cuxas bases foron publicadas no BOP número 66 do 5 de maio de 2020.

O Concello de Cambre ten unha asignación para o POS+Adicional 2/2020 dun total de 253.770,13 €, proveniente da aplicación do Remanente de Tesourería para gastos xerais do exercicio 2019 da Deputación Provincial da Coruña, e destinado ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2020 ou de investimentos financeiramente sostibles dos concellos, como medida extraordinaria adoptada para apoiar aos concellos a facer fronte á crise socioeconómica derivada do COVID-19.

Segundo o disposto no apartado 13.1 das bases reguladoras do Plan, os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada dentro deste Plan para o financiamento dos dous seguintes obxectos, podendo optar por aplicalo libremente a un só deles ou aos dous:

- Gastos correntes do concello de todo o ano 2020, segundo se definen na Base 2.2 e concordantes.
- Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da Base 2.3 e concordantes.

O apartado 13.4 das bases reguladoras do Plan establecen que se poden incluír nesta convocatoria como investimentos financeiramente sostibles aqueles que xa estaban previstos no Plan Complementario á solicitude presentada no POS+2020.

Pola súa parte, a circular da Deputación da Coruña específica relativa ao POS Adicional 2/2020, que foi notificada ao noso concello o 5 de maio de 2020, establece que o importe da achega provincial asignada ao concello de Cambre e de 253.770,13 €, e recomenda a opción de incluír como investimentos financeiramente sostibles aqueles que xa foron aprobados polo concello no Plan Complementario ao POS+2020 pola simplificación da tramitación que esto supón.

En base a todo o exposto anteriormente, decidiuse incluír nesta convocatoria dúas obras que xa estaban previstas no plan Complementario, que supoñen un importe de 128.295,29 €, e destinar o importe restante 125.474,84 € a gasto corrente, conforme o definido no apartado 2.2 das bases reguladoras. Isto permite que o concello por unha parte, dispoña de máis recursos para facer fronte a posibles gastos correntes que xurdan como consecuencia das novas necesidades que xera a crise sanitaria e socioeconómica producida polo COVID 19, e por outra parte, permite ao concello realizar investimentos que favorezan a actividade económica que tan necesaria é neste momento.

As obras aprobadas no plan Complementario ao POS+2020 que se inclúen neste POS adicional 2/2020 son as seguintes:

- "Mellora da pavimentación na rúa Miguel González Garcés e en camiño das Gamelas", cun orzamento de 66.529,10 €. O proxecto define e xustifica o acondicionamento dos camiños Miguel González Garcés (número Inventario 169) Lagoa (número inventario 170), ademais do camiño municipal das Gamelas (número inventario 347), as cales están realizadas en pavimento asfáltico. Debido ao paso do tempo e ao uso prodúcese unha deterioración do viario que fai necesarias obras de conservación e mantemento se reacondicionará o firme con aglomerado asfáltico de 5cm tipo D-12. Finalmente nas calzadas renovadas farase a sinalización horizontal mediante pintura reflectante e microesferas de vidro.

- "Mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis", cun orzamento de 61.766,19 €. Con este proxecto, preténdese mellorar as condicións de vida da poboación en xeral pero especialmente da infancia e das persoas con diversidade funcional e necesidades especiais, dotándoos de bancos, papeleiras, xogos e elementos recreativos, así como outro mobiliario axeitado. O proxecto define e xustifica a mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis.

No parque infantil de Andeiro, formúlase unha mellora coa restauración de todos os elementos de xogo e mobiliario, a instalación de un novo tobogán e co cambio do solo de seguridade mediante pavimento de caucho de diferentes debuxos e cores en toda a súa extensión. Para poder executar o pavimento de seguridade de caucho é necesario executar previamente unha lousa de formigón armado sobre unha capa de zahorra artificial en toda a superficie de xogos. Así mesmo se instalará unha fonte con dúas billas, adaptada a persoas con diversidade funcional.

No parque infantil de Anceis, formúlase unha mellora coa restauración de todos os elementos de xogo e mobiliario e co cambio do solo de seguridade mediante pavimento de caucho de diferentes debuxos e cores en toda a súa extensión. Para poder executar o pavimento de seguridade de caucho é necesario executar previamente unha lousa de formigón armado sobre unha capa de zahorra artificial en toda a superficie de xogos. Así mesmo se instalará unha fonte con dúas billas, adaptada a persoas con diversidade funcional.

En base ao anterior, propoño ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2020" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	125.474,84 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
MELLORA DOS PARQUES INFANTILES DE ANDEIRO E ANCEIS	61.766,19	0,00	61.766,19
MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NA RÚA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS E NO CAMIÑO DAS GAMELAS	66.529,10	0,00	66.529,10
TOTAL	128.295,29	0,00	128.295,29

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
-----	0,00	0,00	0,00
TOTAL	0,00	0,00	0,00

C) Resumo:

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	125.474,84 €	0,00 €	125.474,84 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	128.295,29 €	0,00 €	128.295,29 €
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	253.770,13 €	0,00 €	253.770,13 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 22 de maio de 2020.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, explica que se trata da aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal da Deputación Provincial, POS+ Adicional 2/2020, e que corresponde dentro deste plan a cantidade de 253.770,13 euros para o Concello de Cambre.

Explica que ao capítulo II, gasto corrente, destínanse 125.474,84 euros e a investimentos incluídos no POS Complementario 2020, é dicir, proxectos xa aprobados no pleno de decembro de 2019, que hai que volver a aprobar agora, os dous proxectos dos catro previstos suman 128.295,29 euros. Estes 128 mil euros distribúense nun proxecto de mellora dos parques infantís de Andeiro e Anceis, por importe de 61.766,19 euros, e a mellora da pavimentación da rúa Miguel González Garcés e camiño das Gamelas, por 66.529,29 euros.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, manifesta que se presenta ao pleno o POS+ Adicional 2020 e o primeiro que queren dicir é que a memoria asinada polo enxeñeiro municipal volve a traer, tal e como se dixo pola compañeira de Ciudadanos, unha fotografía que non se corresponde coa realidade física actual do terreo incluído nas modificacións dos parques infantís.

Na páxina 2 da memoria asinada polo enxeñeiro municipal, informa o propio enxeñeiro sobre as actuacións necesarias para mellorar os parques infantís de Andeiro e Anceis, que se atopan, segundo di, pavimentados con

árido ou cortiza de pino, pavimento que se substituirá, e el quere resaltar o que di o enxeñeiro, por criterios políticos, por solo de caucho continuo.

Eles entenden que os criterios polos cales se tería que modificar o chan non terían que ser criterios políticos, e no momento en que está recollido na memoria, ao mellor non son criterios técnicos os que recomendaban esta modificación. Sorpréndelles o feito de que se recolla na memoria que se vai realizar esa actuación por criterios políticos.

Tamén se trae a modificación, coa inclusión dunha partida grande de 125.000 euros, para gastos correntes, e agardan que esa partida se utilice de forma axeitada na situación de crise na que se atopan.

Conclúe dicindo que para non entorpecer a finalidade, o voto do PP vai ser abstención, para permitir que o asunto saia adiante.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, manifesta que o voto do seu grupo vai ser abstención, para non limitar a posta en marcha destes proxectos.

Así mesmo comunica que en breve abandonará a xuntanza do pleno.

Concedida a palabra a don Raúl Varela Fraguío, voceiro de AV, expón que lles parece un investimento positivo para a veciñanza, pero o seu voto vai ser abstención, xa que a documentación que se presenta non cumpre, nunha primeira instancia, os criterios de veracidade, dado o seu rexistro fotográfico. Tamén pola amplitude do proxecto, difícil de cotexar nestes días, que é o mesmo motivo polo que se abstiveron na pasada presentación do POS e neste caso farán o mesmo.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, manifesta que ela neste punto ten catro preguntas directas e concretas, que agarda sexan respondidas. En todo caso fainas o máis brevemente posible, para que consten en acta. Entende ademais que ten dereito a obter resposta pois caen no ámbito das competencias das persoas ás que as dirixe.

A primeira pregunta diríxese ao concelleiro de Urbanismo e é en canto tempo, unha vez finalizado o proceso de contratación, prevé a área de Urbanismo realizar a actuación contida no proxecto do parque de Anceis.

Segunda pregunta, tamén ao concelleiro de Urbanismo: A execución do proxecto de mellora do parque de Anceis, debe cumprir co plan especial xa aprobado e aínda non executado?

Terceira pregunta, ao concelleiro de Urbanismo: Será necesario expropiar o que falta e reverter a estado natural a parte asfaltada do ámbito, tal e como solicita a Xunta de Galicia, previamente a acometer a mellora do parque infantil de Anceis?

Última pregunta, á secretaria da Corporación: Segundo recolle o artigo 28.2 do Regulamento orgánico municipal, son responsables dos acordos municipais os membros da Corporación que os votasen favorablemente e preguntalle se existe algunha responsabilidade, nos termos do artigo 28.2, en votar a favor do proxecto, concretamente o proxecto de mellora do parque de Anceis, sabendo positivamente, incluídos os funcionarios, que se falsea a imaxe da portada do proxecto e do proxecto da área de actuación, borrando un pavillón construído ilegalmente en solo rústico, pero que a día de hoxe o Concello sabe que existe, segundo informe da propia aparelladora e palabra do responsable político de área, e ademais estando xudicializado?

Conclúe dicindo que, en calquera caso, e agás que estas preguntas sexan respondidas, todas, de xeito satisfactorio, en cuxo caso evidentemente votaría a favor, de entrada, á espera desas respostas, o seu voto vai ser abstención.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, manifesta que neste punto gustaríalle terse parado máis, pero estalle custando seguir o pleno, porque non debe ter moi boa conexión a internet, que vai e vén no lugar no que se atopa, que non é o lugar habitual, por tanto di que vai ser bastante concisa.

Explica que nas comisións informativas Ciudadanos preguntou se coñecían a data que tiña a foto da portada. A resposta do concelleiro de Urbanismo foi que a descoñecía. Ela díxolle que era fácil descoñecer a data, pero que o que se sabía perfectamente era que esa foto non era de febreiro de 2019, simplemente con mirala.

Di que agardaba polo menos algún tipo de resposta durante os días seguintes, que se lle dixese ou ben a data, ou ben que se ía cambiar a foto na portada e no interior, na páxina cre que é exactamente a 128, porque non se corresponde coa realidade, ou senón algún motivo polo que non se puidera facer, pero non foi así, non recibiu ningún tipo de resposta, polo tanto, ante outro novo proxecto onde lles volven a meter fotos que non se corresponden coa realidade, e planos que tampouco se corresponden, vaise abster, para que os proxectos poidan saír adiante.

Conclúe dicindo que, de todas formas, si lle gustaría ter unha explicación a por que se negan a cambiar esa foto sabendo que non se corresponde coa realidade.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós expón que realmente as preguntas veñen sobre todo por EU-Son en Común e por Ciudadanos e cre que se se contesta a esas, contéstase a todas.

En canto ao tempo en que se pode executar, o prazo, hai que ter en conta que isto se aproba, ten que ir á Deputación, a Deputación ten que dar o seu visto e praxe, despois ten que pasar o proceso de contratación, e despois farase o parque, polo tanto, non poden dar unha resposta nese sentido mentres non se dean todos eses pasos. O prazo non o sabe, non sabe se está estipulado o prazo de execución do parque no proxecto, debería de estar.

En canto a se o plan especial de dotacións se aplicará, entende que si, que o informe urbanístico terá comprobado que a reforma dese parque non vai afectar ao plan especial de dotacións, sempre e cando, evidentemente, que se teme que a pregunta de EU vén por aí, se cumpra o 50% do que se chama o estado natural do terreo, esa petición, polo tanto, cando sexa, verase e haberá que comprobalo.

Respecto da expropiación, el nestes momentos non pode definirse nun aspecto que é puramente xurídico, se teñen ou non que realizar a expropiación antes de facer un parque, entende que non, pero é unha opinión de cidadán normal, de concelleiro non adscrito a un tema xurídico, polo tanto, deben de contestalo os técnicos xuristas do concello se iso é así ou non é así, el vese incapaz.

Respecto de darlle unha explicación a Ciudadanos, dille que unha vez ela expuxo este tema, eles pediron un informe ao técnico municipal, técnico municipal que non é técnico municipal, neste caso é o autor do proxecto, porque aquí, e pide que lle permitan un inciso, parten de dúas hipóteses distintas, unha hipótese que parte de que o Goberno municipal quere dalgunha forma esconderlles o pavillón, e que pode incluso influír no autor e asinante do proxecto para que poña unha fotografía onde non se vexa o pavillón.

Esa é unha hipótese que, ben, é lícita formulala e expoñela, pero o Goberno parte doutra hipótese, que é crer na bondade e profesionalidade do autor do proxecto, por unha cuestión, que é que o pavillón está executado e sábeo todo o mundo. Ten sido denunciado en prensa ata a saciedade, ten sido denunciado ante a Xunta de Galicia, na APLU, ten sido denunciado ante a Fiscalía, e este proxecto é o mesmo que se aprobou no ano 2019 sen ningunha controversia respecto da fotografía, cando xa estaba executado o pavillón, e foi aprobado cos votos do PP, de Ciudadanos, favorablemente.

Polo tanto, di que sería do xénero idiota, sería unha enorme estupidez que o Goberno municipal intentase dicir agora, ou esconder, a existencia do pavillón. É a todas luces incuestionable, o pavillón está aí, polo tanto o que fixeron foi pedir ao autor do proxecto que lles aclare cal é a súa posición respecto da fotografía. Farállelo chegar, pero o que di o técnico é que a el aparécelle a fotografía en febreiro de 2019, que é esa a fotografía que aparece, pero ben, prefire que sexa el o que, se teñen algunha dúbida, llela aclare.

Conclúe dicindo que esa é a resposta que lles pode dar, non hai ningunha negativa por parte do Goberno municipal en cambiar ou non cambiar a fotografía. Non sabe se iso é diferente porque, primeiro, a fotografía dunha páxina de portada non ten transcendencia xurídica respecto do proxecto, nin técnica, non ten ningún significado, iso o din os técnicos tamén, e despois, se o redactor a quere cambiar, pois que a cambie e se renove sen máis.

Concedida a palabra a don Juan María Abalo Castex manifesta que as explicacións que acaba de dar o concelleiro de Urbanismo merecen unha precisión. Non sabe se o señor concelleiro se ten escoitado durante a súa propia intervención, porque dixo unha cousa e a contraria. Respecto dunha das preguntas dixo que el non ten os coñecementos xurídicos suficientes para determinar certas cousas, que eses son os xuristas do concello. Non obstante, respecto da fotografía di que sería unha imbecilidade tratar de escondelo, evidentemente que o é, por iso se lle puxo en coñecemento nas comisións informativas e por iso non entenden o motivo polo cal esa fotografía non ten sido substituída.

Substitúese a fotografía e volve a traerse a pleno, sería unha modificación. Pero o propio concelleiro acaba de dicir que iso non ten ningunha transcendencia xurídica, o feito de que as fotografías sexan antigas, cando como tamén dixo esa situación está xudicializada, co cal, a verdade, non dá máis que hilaridade a intervención que acaba de ter.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, agradece as respostas do concelleiro e di que fixo catro preguntas, e non sabe se a señora secretaria ten pensado responder ou se vai manter silencio, pero é unha pregunta importante relacionada coa responsabilidade dos concelleiros no voto e entende que merece resposta.

Concedida a palabra á secretaria xeral manifesta que ela cre que no expediente están todos os documentos que teñen que obrar e, entón, a responsabilidade é deles mesmos, conforme co expediente.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, agradece a resposta da secretaria.

Concedida a palabra a don Juan González Leirós, dille ao Sr. Abalo que el non estaba a falar no seu nome, estaba a traducir o informe que fixo o técnico municipal e que se lles fará chegar. Non estaba falando no seu propio nome, o que lles di é que o técnico di que non ten transcendencia no tema do proxecto. Pídelles que lean o informe e verán que o di o técnico, non el. Ao mellor é que se ten adiantado e non debería telo feito, se é así pide que o desculpen.

Toma a palabra o señor alcalde para explicar que o informe do señor Óscar Souto, que como ben dixeron é o que redacta o proxecto, teno el, déullelo hoxe, fará media hora, non o pode dicir con exactitude, entregoulles ese informe que lle pediron a raíz das notas de prensa da oposición, porque parece que unha fotografía na carátula dun proxecto é o máis importante que ten ese proxecto en si. O que menos importa é o proxecto, o que importa é a fotografía.

Pregúntalles se eles cren que o equipo de goberno lle vai dicir a un funcionario que poña ou saque unha fotografía que non é necesaria, non o pide, non é así. Un proxecto pode levar unha fotografía, e esta é soamente a fotografía dun parque infantil, soamente do parque infantil, podería ser a fotografía dun bambán, ou non levar fotografía. Simplemente é unha fotografía que o redactor baixou de Google no ano 2018 e, tal e como explica no

informe, o 27 de novembro de 2018 foi cando obtivo a fotografía, o 21 de marzo de 2019 segue esa fotografía e o 27 de maio de 2020 tamén segue esa fotografía.

Dille aos concelleiros que era máis fácil preguntar, antes de sacar na prensa que están ocultando información. Resulta que van ocultar agora, como o gran Houdini, van a ocultar un pavillón que está feito dende hai un tempo. Dende logo, é increíble, pero teñen aquí o informe do redactor do proxecto, que como dixo o Sr. González Leirós se lles fará chegar ao longo do día de mañá, ou pasado de mañá, e pídelles que xulguen por eles mesmos o que quere esconder o Goberno cunha fotografía na carátula dun proxecto.

Faise constar que durante o debate do asunto, auséntase da sesión don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG, polo que, de acordo co previsto no artigo 106.2 do Regulamento orgánico municipal, a súa ausencia equivale á abstención na votación, por terse ido unha vez iniciada a deliberación do asunto.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4. Aprobación, se procede, do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+Adicional 1/2020" da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Benestar Social, de data 18 de maio de 2020, que consta do seguinte teor literal:

"Vista a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal POS+2020 para a regulación do POS+ADICIONAL 1/2020 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 e do POS+ADICIONAL 2/2020 para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, publicado no BOP núm. 66, do 5 de maio de 2020.

Vista a circular da Deputación Provincial de A Coruña sobre a modificación das Bases reguladoras do Plan Único de Concellos "POS+2020" para regular o POS+AD 1/2020 para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19.

Visto o importe da achega provincial asignada ao concello de Cambre por un importe de 67.672,03 euros.

Visto que segundo o disposto na base 12 das reguladoras do Plan, en primeiro lugar, esta Base regula a elaboración, aprobación e execución do POS+AD 1/2020, para a aplicación dunha parte do Superávit de operacións non financeiras (SONF) do exercicio 2019 da Deputación Provincial de A Coruña, aplicable ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, de acordo co disposto no artigo 3, en relación co artigo 1.2, do Real Decreto Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, (BOE núm. 73 do 18 de marzo de 2020); e de acordo co disposto no art.20 do Real Decreto Lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19(BOE núm. 91 do 1 de abril de 2020).

Visto que o SONF destinarase a financiar gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, que se concretan nos gastos de investimento incluídos na política de gasto 2.3 de Servizos Sociais e Promoción social, prevista na Orde

EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais; e tamén, con carácter excepcional e para estes exclusivos efectos, nas prestacións sinaladas no artigo 1.2 do citado Real Decreto Lei 8/2020.

Visto o informe emitido pola coordinadora de servizos sociais de Cambre con data 15 de maio de 2020.

Tendo en conta canto antecede, propónse ao Pleno da Corporación destinar a totalidade do importe (67.672,03 euros), de entre todas as prestacións sinaladas no apartado 1.2 do Real Decreto Lei 8/2020, ao parágrafo g), que di literalmente: *“Ampliar a dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción”, dado que dende a Concellería de Benestar Social considérase prioritario garantir a cobertura das necesidades básicas sociais das persoas usuarias de servizos sociais, así como tamén das familias novas que xorden a raíz desta crise mundial, habendo quedado fundamentado no informe técnico emitido, polo que formulo ao Pleno a seguinte proposta de acordo a adoptar:*

Primeiro: Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ADICIONAL 1/ 2020”** da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	67.672,03 euros
---	-----------------

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións art. 1.2 RDL 8/2020	PREVISIÓN DE GASTOS 2020	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
g) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción	222.672,03 euros	0 euros	155.000 euros
TOTAL	222.672,03 euros	0 euros	155.000 euros

Segundo: Facultar expresamente á concellería delegada de Benestar social, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Cultura, Deportes, Xuventude e Benestar Social de data 22 de maio de 2020.

Concedida a palabra a dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, explica que traen a pleno a proposta de aprobación do Plan provincial de cooperación do POS+ Adicional 1/2020, para a ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción, cun valor de 67.672,03 euros.

Faise constar que neste intre, tendo en conta os problemas de conexión sufridos polo voceiro do PP, don Juan María Abalo Castex, concédese a palabra ao seguinte voceiro á espera de solucionar os citados problemas.

Concedida a palabra a don Brais Cubeiro Fernández, voceiro suplente do BNG, manifesta que o seu voto será abstención.

Concedida a palabra a dona Sandra Sánchez Vieites, concelleira de AV, manifesta que desde o seu grupo celebran ese incremento de máis de 67.000 euros para axuda de emerxencia social, polo que o seu voto vai ser

a prol.

De todas formas, gustaríalles engadir algo, dada a información que lles foi dada tanto nas comisións informativas como na resposta ao escrito ao que se refería a concelleira nas propias comisións, que por certo recibiron 15 minutos antes das ditas comisións. Están moi ben estas novas medidas que se van tomar, que teñan unha natureza flexible e adaptable, pero cren que iso non resulta incompatible con ter unha certa previsión e planificación, porque ademais xa dispoñen dalgúns datos da situación social que teñen, que poderían axudar a indicar un pouco cara a onde tomar esas novas medidas que se din que se van tomar.

E respecto do reforzo de medidas, ao final a axuda vai cara ao servizo de axuda no fogar, como lles comentaba a concelleira, e cara ás axudas de emerxencia social e tamén á despensa municipal, pois todo financiamento é externo, polo que lles gustaría instar a que haxa un pouco de financiamento por parte do municipio, que o municipio tamén participe en servizos sociais, non que agarde a todas as axudas externas.

Conclúe dicindo que, de todos modos, reiteran que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona María Olga Santos López, concelleira de EU-Son en Común e integrante do Grupo Mixto, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona María José García Hidalgo, concelleira de C's e integrante do Grupo Mixto, manifesta que o seu voto é favorable.

Concedida a palabra a dona Lúa Sanguñedo Álvarez expón que respecto do asunto das novas medidas, como dicía a concelleira de AV, quere recalcar que debido á imposibilidade de saber o número exacto de persoas que van continuar ou que poden aparecer con novas casuísticas, hai un compromiso e unha previsión dunhas reunións virtuais para ver, analizar e identificar como van evolucionando as persoas usuarias en Servizos Sociais.

O tema de axuda no fogar era polo tema de que no día 8 de maio, segundo a aplicación informática, porque non tiñan nin resolución, nin certificación, nin carta, nin un coñecemento previo, apareceu na plataforma una ampliación de horas extraordinarias de axuda no fogar que non se contemplaba no prego, no contrato de axuda a domicilio, e por iso pensaban que tiñan que ter unha ampliación da partida orzamentaria para poder cubrir esas horas, pero no día de onte, como apareceu agachouse, desapareceron as 1.521 horas que lles daba a maiores a Xunta de Galicia, outra vez sen coñecemento, sen ningún tipo de resolución. Chegaron como se foron, sen avisar nin nada, co cal seguen mantendo o mesmo número de horas para axuda no fogar, co cal a partida orzamentaria ten que chegar.

No caso de que dentro duns meses ou duns días volvan aparecer esas horas, sen comunicación previa ou sen falar coas administracións locais, nese caso poñerano en coñecemento de todos os concelleiros e mirarán se vai durar ou non vai durar, se van durar 15 días ou 1 mes, e entón terán que mirar as partidas orzamentarias de axuda no fogar.

Concedida a palabra, a través de liña telefónica, a don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, por continuar con problemas para manter estable a conexión informática, este manifesta que tras ler o informe da coordinadora de servizos sociais no que se di, entre outras cousas, que con estas axudas se pretende facer fronte ás situacións de desprotección que non son cubertas por outras administracións e que vaian precisar dunha resposta inmediata e urxente, o voto do seu grupo vai ser favorable á proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan

Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstense o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández).

O Pleno municipal, por dezanove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

5. Toma de coñecemento da Resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 508/2020, do 14 de abril, de liquidación do orzamento de 2019

Vista a Resolución da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 508/2020, do 14 de abril, de liquidación do orzamento de 2019, que consta do seguinte teor literal:

“Vistos os estados da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2019 formulados e informados pola Intervención municipal.

Visto o establecido no artigo 191.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 90 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323, de data 1 de xullo de 2019, **RESOLVO:**

Primeiro: Aprobado a liquidación do orzamento de 2019 da que se deducen, entre outros, os seguintes datos:

Orzamento de gastos	Euros
Créditos iniciais	17.601.546,35
Modificacións	6.504.465,56
Créditos definitivos	24.106.011,91
Gastos comprometidos	19.548.346,23
Obrigas recoñecidas netas	18.077.154,31
Pagamentos ordenados	17.710.028,46
Pagamentos realizados	17.419.930,67
Obrigas pendentes de pago a 31/12	657.223,64
Remanentes de crédito	6.028.857,60

Orzamento de ingresos	Euros
Previsións iniciais	17.601.546,35
Modificacións	6.504.465,56
Previsións definitivas	24.106.011,91
Dereitos recoñecidos	18.452.401,89
Dereitos anulados	16.101,74
Dereitos cancelados	0,00
Dereitos recoñecidos netos	18.436.300,15
Recadación neta	17.013.251,47
Dereitos pendentes de cobro a 31/12	1.423.048,68
Exceso de previsión	5.669.711,76

Outros datos resumo de especial interese:

- debedores pendentes de cobro a 31/12, 1.924.837,36 euros,
- acredores pendentes de pagamento a 31/12, 1.788.840,55 euros,
- resultado orzamentario axustado do exercicio, 3.289.525,21 euros,

- remanente de tesourería total, 8.026.792,92 euros,
- exceso de financiamento afectado, 244.047,05 euros,
- remanente de tesourería para gastos xerais, 6.505.211,71 euros,
- aforro neto, 3.978.065,23 euros,
- capacidade de financiamento, 295.616,11 euros, polo que cumpre co obxectivo de estabilidade.
- gasto computable resultante da liquidación do Orzamento de 2019, 14.392.147,29 euros, inferior ao teito de gasto definitivo para o exercicio 2019, polo que incumpe co obxectivo de regra de gasto.
- porcentaxe de débeda viva sobre ingresos correntes: 13,46 por cento, cumprindo co obxectivo de límite de débeda.

Segundo: Remitir copia da liquidación do Orzamento do exercicio 2019 á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remisión que se realizará unicamente a través do Rexistro Telemático Único da Administración da Xunta de Galicia mediante a aplicación dispoñible no portal da Xunta de Galicia www.eidolocal.com, e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas mediante a súa rendición telemática a través da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

Terceiro: Comunicar a resolución ó pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

Concedida a palabra a dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, explica que se pon en coñecemento do Pleno a aprobación da liquidación do orzamento de 2019 da que se deducen, entre outros datos, que no apartado de orzamento de gastos os créditos definitivos foron 24.106.011,91 euros, as obrigas recoñecidas netas 18.077.154,31 euros. No apartado de ingresos as previsións definitivas 24.106.011,91 euros e os dereitos recoñecidos netos 18.452.401,89 euros.

Outros datos de resumo de especial interese son os debedores pendentes de cobro a 31 de decembro por importe de 1.924.837,36 euros; acredores pendentes de pagamento a 31 de decembro, 1.788.840,55 euros; resultado orzamentario axustado ao exercicio, 3.289.525,21 euros; remanente de tesourería total, 8.026.792,92 euros; exceso de financiamento afectado, 244.047,05 euros; remanente de tesourería para gastos xerais, 6.505.211,71 euros; aforro neto, 3.978.065,23 euro; capacidade de financiamento, 295.616,11 euros, polo que se cumpre co obxectivo de estabilidade; gasto computable resultante da liquidación do orzamento de 2019, 14.392.147,29 euros, inferior ao teito de gasto definitivo para o exercicio 2019, polo que se incumpe co obxectivo de regra de gasto; e porcentaxe de débeda viva sobre ingresos correntes, 13,46 por cento, cumprindo co obxectivo de límite de débeda.

Os vinte concelleiros asistentes á sesión do Pleno municipal toman coñecemento da resolución de referencia.

6. Toma de coñecemento do informe da Intervención municipal emitido en cumprimento do disposto no artigo 218 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais

De orde do Sr. presidente dáse conta do informe emitido polo interventor municipal, de data 24 de abril de 2020, no que se conclúe que:

“Cumprindo a obriga establecida na normativa citada, remítese informe co fin do seu coñecemento polo Pleno, prescindindo doutro tipo de consideracións tal e como obriga o artigo 218 do TRLRHL e deberá formar parte dun punto independente na orde do día do pleno.”

O importe total dos reparos é de 1.590.840,04 euros, sobre un total de obrigas recoñecidas netas en 2019 de 18.077.154,31 euros, o que supón unha importancia relativa do 0,09.

Concedida a palabra ao interventor municipal explica que o informe se emite ao abeiro do artigo 218 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais no que se di que o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo presidente da entidade local e polo Pleno da

Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos.

Por outra parte, o artigo 15.6 do Real decreto 424/2017 establece que con ocasión da dación de conta da liquidación do orzamento, o órgano interventor elevará ao Pleno o informe anual de todas as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados ou, no seu caso, á opinión do órgano competente da administración que ostente a tutela ao que se teña solicitado informe, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. O dito informe atenderá unicamente a aspectos e cometidos propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice. O presidente da Corporación poderá presentar no pleno informe xustificativo da súa actuación.

Conclúe dicindo que cumprindo coa obriga establecida na normativa citada é polo que se remite este informe para coñecemento polo Pleno.

Os vinte concelleiros asistentes á sesión do Pleno municipal toman coñecemento do informe de referencia.

7. Toma de coñecemento do informe resumo de control interno emitido pola Intervención municipal en cumprimento do disposto no artigo 37 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local

De orde do Sr. presidente dáse conta do informe resumo de control interno emitido polo interventor municipal, de data 27 de abril de 2020, en cumprimento do disposto no artigo 37 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

No dito informe recóllense conclusións e recomendacións en canto á función interventora (informes a orzamentos, liquidación e modificacións), control permanente (número de reparos e información), control financeiro e auditoría pública, así como aquelas deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través dun plan de acción, o cal deberá ser formalizado nos termos previstos no artigo 38 do Real decreto 424/2017.

Concedida a palabra ao interventor municipal explica que o informe se emite seguindo o disposto na Resolución do 2 de abril de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, na que se establece o modelo que deberá seguirse para emitir o informe de control financeiro.

Di que o Concello de Cambre non ten establecida fiscalización limitada en materia de gastos, polo que se fiscaliza cada unha das fases de gasto sen limitala a ningún aspecto. En materia de ingresos substitúese a fiscalización previa de dereitos pola toma de razón en contabilidade e actuacións comprobatorias posteriores mediante a utilización de técnicas de mostraxe estatísticas.

Facendo un pequeno resumo di que o expediente do orzamento 2019 informouse favorablemente; as modificacións orzamentarias informáronse todas favorablemente, agás unha desfavorable; a liquidación do orzamento foi favorable; e desfavorable o cumprimento da regra de gasto.

En canto aos reparos reitera o informe do que se tomou coñecemento anteriormente.

Respecto do control financeiro no momento de informar non había Plan anual de control financeiro, polo que se levou a cabo por mostraxe dun imposto que non está delegado, que o Concello de Cambre ten de xestión propia, que o imposto sobre construcións, instalacións e obras e taxa por expedición de licenzas urbanísticas.



En canto ás auditorías está contratada unha auditoría no ano 2019 que está pendente de resolución no 2020 e da cal se dará conta no informe do 2020, e finalmente constan no informe as deficiencias que requiren a adopción de medidas a través dun plan de acción.

Toma a palabra o señor alcalde para manifestar que todos os concelleiros teñen á súa disposición, como sempre, á Intervención municipal, para aclarar calquera termo dos seus informes e para o que precisen teñen a porta aberta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas e trinta e seis minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

Maria Luisa de la Red Ampudia